



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Galicia **Skills** 2018

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Galicia **Skills** 2018

5º CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRIPCIÓN TÉCNICA

Carpintería

Convoca:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Patrocina:



FINSA
soluciones en madera

FESTOOL



**COMERCIAL
DIGÓN**
Maquinaria y útiles para madera



galicia



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



Índice

1. Introducción e obxectivos específicos da modalidade de competición de Carpintaría
 - Obxectivos da competición
 - Lugar e data da competición
 - Requisitos de participación
 - Coñecementos necesarios para o desenvolvemento da proba
 - Competencias requiridas

2. A competición: instrucións xerais para o seu desenvolvemento
 - En que consiste a competición.
 - Aspectos a ter en conta para o seu desenvolvemento.

3. Descrición da proba
 - Definición da proba.
 - Criterios de avaliación da proba.
 - Explicación dos criterios de avaliación.
 - Requisitos de saúde e seguridade.
 - Equipos de protección persoal.

4. Materiais e ferramentas que deben achegar as persoas participantes
5. Xurado
6. Premios



1. Introducción e obxectivos específicos da modalidade de competición de Carpintaría

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia, organiza o 5º Campionato Galego de Formación Profesional na especialidade de Carpintaría.

A modalidade de competición de Carpintaría persegue pór de manifesto a excelencia no traballo das persoas competidoras inscritas e, por mor da natureza dos procesos involucrados e do produto btido, permite o seguimento da competición por parte do público asistente e dos medios de comunicación.

Os ciclos formativos relacionados con esta competición son:

- CB Carpintaría e Moble.
- CM Instalación e Amoblamento.
- CM Carpintaría e Moble.
- CS Deseño e Amoblamento.

Obxectivos da competición

Esta competición de Carpintaría ten como obxectivo a promoción do ensino da familia profesional de Madeira e Moble, estimulando e motivando o alumnado, mellorando así a calidade da formación profesional, procurando o recoñecemento do labor docente, creando un punto de encontro entre profesionais, profesorado e futuros/as profesionais, e fomentando deste xeito as relacións entre os centros de Galicia.

Lugar e data de celebración das probas

A competición, integrada no 5º Campionato Galego de Formación Profesional, terá lugar no mes de novembro no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca, en Silleda.

Requisitos de participación

- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2018.
- Deberán estar matriculadas nun ciclo formativo no curso 2018-2019.
- Cada centro presentará unha única persoa participante, que deberá ir na compañía dun profesor ou unha profesora que se comprometan a exercer o papel de titor ou titora.
- Durante a competición realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional. As persoas participantes autorizan a utilización destas fotos e destes vídeos para tal fin.



Coñecementos necesarios para o desenvolvemento da proba

A competición consiste na demostración e valoración das competencias propias desta especialidade a través dun traballo práctico denominado “Plan de probas” (*Test Project* nas competicións internacionais), que porá de manifesto a preparación das persoas competidoras para fabricaren elementos de carpintería e moble, realizando os procesos de mecanizado, montaxe e acabamento, consonte as especificacións de calidade, de seguridade e de protección ambiental.

Competencias requiridas

- Interpretar información técnica incluída en planos, normas e catálogos.
- Preparar máquinas e equipamentos para a fabricación convencional de elementos de carpintería e moble, aplicando procedementos establecidos.
- Preparar e pór a punto máquinas seguindo as fases do proceso establecido para a fabricación do produto.
- Preparar soportes, operando con equipamentos de acabamento de carpintería e moble, de acordo coas especificacións requiridas.
- Montar mobles e elementos de carpintería, e verificar os conxuntos mediante instrumentos de medida.

2. A competición: instrucións xerais para o seu desenvolvemento

En que consiste a competición

A competición avaliará un traballo práctico relacionado coa carpintería, no que as persoas concursantes porán en práctica unha ampla gama de coñecementos, habilidades e destrezas para demostraren as súas competencias durante o concurso.

Aspectos a ter en conta para o seu desenvolvemento

- O proxecto da proba consiste soamente nun traballo práctico.
- Os coñecementos teóricos límitanse aos necesarios para a realización do traballo práctico.
- O proxecto de proba consistirá nun conxunto unido por varias ensamblaxes.
- As dimensións máximas serán de 1.000 mm x 700 mm x 50 mm.
- Os membros do xurado e as persoas concursantes que de xeito continuado incumpran o disposto na descrición técnica e nas regras do campionato poderán ser retiradas del.

As persoas concursantes teñen dereito a esperar un tratamento xusto e honrado durante o desenvolvemento da proba, nos seguintes aspectos:

- Instrucións claras e inequívocas.
- Programas de puntuación que non proporcionen vantaxe a outras persoas concursantes.



- Axuda necesaria para asegurar que poderán rematar a proba, proporcionadas por igual e ao mesmo tempo a todas as persoas concursantes.
- Ningunha interferencia indebida por parte de terceiras persoas que poidan obstaculizar o remate da proba.

3. Descrición da proba

Definición da proba

As persoas competidoras terán que fabricar unha peza de carpintaría consonte as especificacións facilitadas, utilizando de xeito seguro os recursos facilitados pola organización e as ferramentas e os materiais permitidos.

Para iso, de acordo coas competencias necesarias e cos coñecementos relacionados, o traballo práctico que se propoña requirirá:

- Analizar o proceso de fabricación a partir da interpretación das especificacións técnicas facilitadas.
- Seleccionar as ferramentas e os utensilios precisos, e preparar máquinas e equipamentos dispoñibles.
- Determinar os recursos e os equipamentos de produción necesarios, identificando as características críticas dos produtos e para a montaxe dos elementos de carpintería propostos.
- Adoptar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento do traballo práctico proposto, para resolver de xeito responsable as incidencias que poidan xurdir.
- Analizar os riscos ambientais e laborais asociados ao traballo proposto, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar.

A proba é un proxecto individual que será avaliado.

O plan da proba presentárase impreso, en formato de debuxo asistido por computador, a escala 1/1 en formato máximo A0.

A proposta de proba incluirá, polo menos, os seguintes apartados:

- Planos de traballo a escala natural (1:1).
- Alzados mostrando os materiais do proxecto, as medicións críticas e as xuntas críticas para puntuación.

A organización da proba achegará a cada participante o material necesario para a realización da proba, así coma outro tipo de material auxiliar (taboleiro para a realización de padróns, madeira para mártires, parafusos, etc.).



Cráterios de avaliación da proba

Identificación do criterio	Descrición do criterio	Máxima puntuación
A	Dimensións principais	26
B	Dimensións secundarias	16
C	Xuntas e axustes	24
D	Escuadrías e arqueamentos	10
E	Acabamento e aspecto	18
F	Uso de materiais	5

A puntuación para os criterios A, B, D e F será obxectiva.

A puntuación para os criterios C e E será subxectiva.

Non deberá haber comunicación entre os membros do xurado durante a puntuación, para evitar influencia entre eles.

Explicación dos criterios de avaliación

- A: Dimensións principais. Son as dimensións máis importantes (por exemplo a altura, a anchura, etc.) indicadas no plano. Realízase co flexómetro da persoa concursante.
- B: Dimensións secundarias. Son as dimensións importantes dos compoñentes, indicadas no plano. Realízase co flexómetro da persoa concursante.
- C: Xuntas e axustes. Deberán presentárselle ao xurado para a súa puntuación. Cómpre ver o interior das xuntas.
- D: Escuadrías e arqueamentos. Comprobación das escuadrías. Realízase co flexómetro da persoa concursante. Comprobación de arqueamentos. Realízase sobre unha superficie plana igual para todas as persoas participantes.
- E: Acabamento e aspecto. Puntúarase a calidade do acabamento e o aspecto final do conxunto armado e rematado.
- F: Uso de materiais.

Se non se usa material extra, obteranse 5 puntos.

Penalizarase polo emprego de materiais extra ata con 5 puntos.

Poderase substituír unha peza de cada unha das que compoñen o exercicio da proba.

Requisitos de saúde e seguridade

- Todas as persoas competidoras deberán cumprir as normas de seguridade.
- Manterán a súa zona de traballo libre de obstáculos e o chan libre de material, de equipamentos e de elementos que poidan provocar accidentes.
- Quen incumpra as normas de seguridade reiteradamente será avisado/a polo xurado e podería ser apartado/a da competición.



Equipos de protección persoal

Empregarse axeitadamente os EPI: lentes de seguridade, protectores auditivos e calzado de seguridade.

O xurado non proporcionará equipamentos de protección nin de seguridade ás persoas participantes.

4. Materiais e ferramentas que deberán achegar as persoas participantes

As persoas participantes poderán levar consigo as ferramentas que desexen nunha caixa de ferramentas, que poderá incluír: formóns, gramil, utensilios de debuxo (escuadro, cartabón, escalímetro, lapis, etc.), serróns, mazo, martelo, punzón, papel de lixa, falso escuadro, lima e lima gros, garlopa, compás de puntas, coitela de ebanista e pedra de asentar e afiar.

Non está permitido o uso de padróns.

Non se poderán traer máquinas fixas nin portátiles, eléctricas nin pneumáticas, nin cisallas.

Revisarase antes da competición o material achegado polas persoas participantes.

5. Xurado

Será o responsable da avaliación do traballo das persoas participantes e a súa decisión será inapelable. Estará constituído por un presidente, Luis Manuel Beceiro Rodríguez, experto da modalidade de competición de Carpintaría, un/unha secretario/a e catro vogais, que se escollerán por sorteo o día previo á competición entre os/as titores/as das persoas participantes.

Se algún membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos algunha persoa participante, absterase de avaliala nos subcriterios subxectivos.

6. Premios

- A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro na modalidade de competición de Carpintaría e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2019.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2019.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2018.